



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

ORDENANZA FISCAL RELATIVA AO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E DE MAÑANCEIROS NO COLEXIO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

ARTIGO 1.–FUNDAMENTO LEGAL.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Betanzos establece a taxa pola prestación do Servizo de comedor escolar e de mañanceiros no CEIP Francisco Vales Villamarín.

ARTIGO 2.–FEITOS DOS QUE DERIVA A OBRIGA DE PAGAMENTO.

Constitúen os feitos dos que deriva a obriga de pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza os seguintes:

A. A actividade municipal administrativa necesaria para a verificación da documentación aportada e organización do servizo no que se matricula (incluído a renovación da matricula do curso anterior).

B. A prestación dos servizos de comedor escolar e madrugadores segundo o recollido no seu regulamento.

ARTIGO 3.–OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Están obrigadas ao pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza as persoas rexeptoras das actividades administrativas e servizos enumerados no precepto anterior. En consecuencia, e dada a natureza de tales actividades e servizos, os obrigados serán as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos servizos de referencia, e, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

ARTIGO 4.–TARIFAS

SERVIZO DE COMEDOR	
<i>ASISTENCIA</i>	<i>TARIFA A ABOAR</i>
Cinco días á semana (fixo todo o mes)	63,91 €
Catro días á semana	51,13 €
Tres días á semana	38,34 €
Dous días á semana	25,56 €
Un día á semana	12,78 €
Día solto	5,32 €



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

SERVIZO DE MADRUGADORES/AS		
<i>ASISTENCIA</i>	<i>TARIFA A ABOAR (con almuerzo)</i>	<i>TARIFA A ABOAR (sen almuerzo)</i>
Cinco días á semana (fixo todo o mes)	42,90 €	28,00 €
Día solto	3,14 €	1,71 €

O IVE que sexa de aplicación segundo a normativa vixente en cada momento poderá incrementar a contía destes prezos públicos.

ARTIGO 5.– GRATUIDADES E BONIFICACIÓNS.

5.1.– Serán usuarios gratuítos dos comedores escolares:

– Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais municipais.

– Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.

– Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.

– Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

– Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 euros.

– O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.

– Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermaría que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a ela, atendan os alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

– O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

– Os pais, nais, titores legais e acolletores familiares de alumnos matriculados en ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

5.2.- Establécense as seguintes bonificacións nas cotas para o alumnado usuario fixo (non esporádico ou por días soltos) dos servizos de comedor e/ou mañanceiros e estea nos seguintes supostos:

a) Bonificación do 50% das tarifas para familia numerosa de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

b) Bonificación do 20% das tarifas para familias de especial consideración, agás as familias numerosas de categoría especial, de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

c) Bonificacións segundo a renda per cápita, aplicables consonte ao disposto no seguinte cadro:

SERVIZO DE COMEDOR E MADRUGADORES	
<i>TRAMOS DE RENDA PER CÁPITA% (IPREM RPC MENSUAL)</i>	<i>BONIFICACIÓNS</i>
Exclusión social	100% do custo do servizo
80%-100% IPREM	75% do custo do servizo
101%-125% IPREM	50% do custo do servizo
126%-150% IPREM	25% do custo do servizo

5.3.–A excepción do indicado para os casos de exclusión social ou emerxencia, será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou gratuidade que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello, nos termos establecidos na ordenanza fiscal xeral.

5.4.–A solicitude de bonificación de tarifas deberá facerse por escrito conxuntamente coa solicitude de praza, ben sexa de renovación ou de novo ingreso, no impreso oficial correspondente e achegando a documentación xustificativa en cada suposto. Os solicitantes deberán indicar se desexan ou non utilizar igualmente o servizo en caso de denegación da bonificación.

5.5.–As bonificacións reguladas neste artigo son incompatibles entre sí, e aplicarase por parte da administración municipal, no caso de concorrencia de bonificacións aplicables a un mesmo usuario, aquela que resulte máis beneficiosa para o mesmo.



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

5.6.- Só se aceptarán a trámite, con carácter extraordinario, as solicitudes de revisión da cota a pagar nos supostos de cambio no número de membros da unidade familiar ou ruptura da mesma por separación dos proxenitores, sempre e cando tales circunstancias se produzan con carácter posterior ao remate dos prazos de matrícula e renovación.

5.7.- En orde á aplicación do presente precepto, a base para a aplicación de bonificacións ou a determinación da gratuidade virá determinada pola renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla 455) coa base imponible do aforro (casilla 465), do imposto sobre a renda das persoas físicas. No caso de que algún dos membros maiores de idade da unidade familiar non tivera presentado declaración do IRPF no exercicio que se estea a valorar, sumarase os ingresos minorando os mesmos co total dos gastos de carácter deducible que figuren no certificado emitido pola AEAT.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables. Considérase que integran a unidade familiar:

– Os país/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. No caso de separación con custodia compartida, valorarase a renda dos dous proxenitores. Non obstante, se os cónxuxes separados e titulares da custodia compartida solicitasen cadansúa bonificación en relación ao mesmo neno/a, a situación de cada unidade familiar será valorada de xeito diferenciado

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

En caso de existir unha orde de afastamento, presumirase que a persoa á que esta se refire non forma parte da unidade familiar. A demanda de incumprimento das obrigas de pago contidas nun convenio regulador de medidas paterno filiais poderá ser substituído por un informe dos servizos sociais acreditativo dunha situación de violencia de xénero.

– Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.

– Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

– Os fillos/as solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.

– No caso de non existir vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos que se acaban de referir.

– No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

-Os/as nenos/as en réxime de acollemento non computarán como membros da unidade familiar ate que proceda valorar a capacidade económica en base á renda percibida no ano en que se producira o acollemento.

5.8.- Igualmente, en orde á aplicación do presente precepto, consideraranse os seguintes criterios de aplicación relativos ás bonificacións por familias de especial consideración:

1. Familia numerosa:

a) Considérase que esta existe dende a data de expedición do título.

b) O título deberá estar vixente no momento da solicitude da axuda.

c) Será preciso que no libro/s de familia consten todos os integrantes que figuren no título de familia numerosa.

2. Familia monoparental:

a) Considérase que esta existe desde que un dos proxenitores pase a asumir en solitario o sostemento do/s fillo/a (sentenza da retirada da patria potestade, falecemento, etc).

b) No caso de proxenitores separados, cando exista unha sentenza de medidas paterno filiais na que non se contemple o recoñecemento dunha pensión alimentaria, tendo o/a solicitante a custodia, e sendo a patria potestade compartida, considerarase que a unidade familiar é monoparental.

c) En caso de existir unha orde de afastamento vixente, presumirase que unidade familiar é monoparental.

d) Xunto coa solicitude deberá aportarse a documentación que en cada caso acredite a situación.



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

3. Familias con persoas discapacitadas ou dependentes ao cargo.

a) O/a discapacitado/a deberá estar empadroado no domicilio familiar un mínimo de 6 meses do ano fiscal que se valore e seguir empadroado/a no momento da solicitude/revisión.

b) Considerarase a discapacidade do solicitante e da súa parella.

c) A condición de discapacidade deberá cumprirse na data da solicitude.

d) Presentarase certificado de recoñecemento de minusvalía, documentación que acredite o parentesco (libro de familia, partida de nacemento, etc.) e as familias empadroadas nun concello distinto ao Concello de ,deberán presentar certificado onde conste a convivencia referida no apartado 4.a dos presentes criterios.

4. Familias con dependentes a cargo.

a) A persoa dependente deberá estar empadroada no domicilio familiar no momento da solicitude.

b) A condición de dependente deberá cumprila na data da solicitude.

c) Presentarase certificado de recoñecemento de dependencia e as familias empadroadas nun concello distinto ao Concello de Ames, deberán presentar certificado onde conste a convivencia referida no apartado 5.a dos presentes criterios.

5. Familias acolledoras.

a) Presentarase resolución pola que se recoñeza a condición de familia acolledora.

5.9.- Para o cálculo da renda per cápita, os interesados achegarán coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Libro/s de familia onde consten todos os membros da unidade familiar. No seu defecto, certificado de nacemento de todos os fillos.

b) A separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito e convenio regulador de medidas paterno filiais, onde conste a custodia do menor.

c) O incumprimento do convenio regulador por parte do proxenitor non custodio no referido á pensión alimentaria ou compensatoria, deberá ser acreditado mediante a presentación da correspondente demanda por impagamento de pensións referida ao exercicio fiscal que se estea a valorar, ou ben dunha solicitude/concesión de xustiza gratuíta para a tramitación de dita demanda, sempre e cando non transcorreran máis de seis meses dende a formulación



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

daquela, ou desde a concesión, por considerar que o caso contrario é mostra da inactividade do solicitante en relación a aqueles procedementos.

Este mesmo criterio aplicarase aos solicitantes que declaren a separación dos cónxuxes mediante a presentación dunha solicitude/concesión de xustiza gratuíta, ao respecto da documentación que acredite o avance efectivo do proceso de separación.

d) En caso de existir fillos/as dalgún dos proxenitores que non convivan no domicilio familiar o cumprimento do correspondente convenio deberá ser acreditado mediante a presentación da sentenza que o aprobe, xunto cos xustificantes de abono de todos os pagamentos correspondentes ao exercicio que se estea a valorar.

e) Autorización de todos os membros maiores de idade da unidade familiar ao Concello de a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da administración tributaria da Comunidade Autónoma a información tributaria que precise, en relación ao cálculo das cotas relativas aos servizos complementarios solicitados.

f) Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación precisa no prazo de emenda que no seu caso lles fora concedido, deberán aboar a cota máxima que corresponda á frecuencia de uso que fagan do servizo. O mesmo resultará de aplicación en caso de que se aprecie ocultación de información. Non será de aplicación a antedita cota máxima, porén, a aqueles/as usuarios/as que teñan en tramitación a solicitude de axuda de emerxencia social ou informe social.

ARTIGO 6.– PERÍODO DE DEVENGO E NACEMENTO DA OBRIGA DE ABOAMENTO.

O período de devengo para os usuarios e usuarias do servizo de comedor e madrugadores será o do curso escolar, agás que o inicio sexa con data posterior ou ben solicite a baixa no mesmo antes do remate do curso escolar.

No caso de que a altas nos servizos se produzan despois do primeiro día do mes, aboarase en función dos días de asistencia, aplicando o prezo unitario fixado para cada servizo.

No caso de baixas nos servizos entrará en vigor ao día seguinte da entrada da solicitude no rexistro municipal.

Os criterios de altas e baixas no servizo, serán aplicables a cambios de frecuencia autorizados polo Concello, para o resto dos casos as cotas serán irreducibles.

O período de devengo para os usuarios ocasionais será o de duración do servizo ocasional que se solicite. A obriga de pagamento nace cando se produza a utilización do servizo

ARTIGO 7.–NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

A solicitude de inscrición no servizo de comedor ou madrugadores dará lugar o alta no censo correspondente.

Os cobros, unha vez aprobadas as liquidacións correspondentes a eses servizos, efectuarase mediante cargo na conta bancaria que a persoa solicitante do servizo deberá indicar no momento solicitar o servizo.

Para as persoas usuarias esporádicas a taxa polos servizos esixirase en réxime de autoliquidación.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público ou a actividade administrativa non se preste, procederase a devolución do importe correspondente

Atendendo o principio de interoperabilidade os cidadáns non teñen que achegar os datos e documentos que obren en poder das Administracións Públicas, as cales utilizarán medios electrónicos para solicitar dita información sempre que, no caso de datos de carácter persoal, cóntese co consentimento dos interesados establecidos pola Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ou unha norma con rango de Lei así o determine, salvo que existan restricións conforme a normativa de aplicación aos datos e documentos solicitados. O citado consentimento poderá emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder do Concello, o solicitante, sempre que non transcorran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, poderá facer uso do seu dereito a non presentalo, facendo constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou emitidos.

Poderán presentarse as solicitudes de maneira telemática nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.– No non previsto especificamente nesta ordenanza, rexerán as normas da Lei Xeral Tributaria, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da Ordenanza Fiscal Xeral, e as disposicións que, no seu caso, se dicten para a súa aplicación.



Concello de Betanzos-**Servizos Sociais**
Praza do Emigrante n.º 1, 15300 Betanzos- A Coruña

Teléfono: 981 770707

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: servizos.sociais@betanzos.gal

SEGUNDA.- A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión do XXXXXXXX, entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.